

NOTIFICACIÓN

A concelleira delegada da Área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística, acordou con data do 08.11.19, unha Resolución que transcrita literalmente di o seguinte:

“A Concellería de Igualdade e Muller co gallo do 25 de novembro de 2019 “Día internacional da eliminación da violencia contra muller” ten previsto organizar diferentes actividades entre as que se encontra a realización da campaña de sensibilización “Golpes”.

Esta campaña consiste en levar a cabo un traballo de sensibilización nos locais de ocio da localidade, a través da representación escénica da obra “Golpes” que se complementará con actuacións de mulleres profesionais no ámbito social, informando dos recursos cos que conta o Concello de Ferrol e outras administracións contra a violencia de xénero.

A iniciativa consta de 14 sesións. Cada sesión terá unha duración de media hora que engloba a posta en escena da obra “Golpes” e da parte informativa.

Os locais de ocio que desexen participan nesta iniciativa deberán presentar unha inscrición no Rexistro Xeral do Concello ou tramitala por calquera das formas previstas no art. 16.4 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas. Dita inscrición publicárase na páxina web www.ferrol.gal (Taboleiro de Anuncios)

Os locais de ocio deberán dispoñer dun espazo aproximado de 3m2 para a representación da obra teatral.

O prazo para inscribirse será dende o 11 ao 15 de novembro.

No caso de que o número de locais inscritos sexa superior as sesións ofertadas, realizarase un sorteo onde poderán estar representados os devanditos locais. Se é o caso, o sorteo realizarase na Casa da Muller, o día 18 de novembro, ás 11:00 horas.

A vista do exposto propóñolle a concelleira delegada da Área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística, que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a realización da campaña de sensibilización “Golpes” pola contía de 2.988,70 €uros

Segundo.- Aprobar o prazo para solicitar dita actividade dende o 11 ao 15 de novembro.

Terceiro.- Publicar a listaxe de locais seleccionados de outubro na páxina web do Concello de Ferrol www.ferrol.gal (Taboleiro de Anuncios).“

Decreto: Vista a anterior proposta apróboa nos seus propios termos. ”

Comunicollo a Vde. para o seu coñecemento e efectos, facéndolle saber que a presente resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 46 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa (BOE 14.07.1998).

Poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

Casa do Concello,

O secretario xeral